



## AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

**Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura**

**Curso Académico: Curso 2017-2018**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura
Mencións/Especialidades	
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2013/2014
Data acreditación ex ante (verificación)	25/09/2013
Data renovación acreditación	15/09/2017

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### **DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudiantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A quinta edición do Máster en Estudios da Literatura e da Cultura amosa, unha vez máis, a relevancia desta titulación no conxunto da oferta universitaria galega e estatal. Esta titulación continúa recibindo alumnado nacional e internacional, non só a través do *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives*, co que comparte estrutura académica, senón tamén a través de estudiantes doutros países como Alemaña ou Colombia (vid. INF. 16), con porcentaxes superiores ao curso anterior, tanto na proporción de estudiantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados, pasando dun 3,70% no 2016-2017 a un 8,00% no 2017-2018 (IN09M-PC-05 e IN13M-PC-05), como na porcentaxe de estudiantes estranxeiros sobre matriculados, pasando dun 14,81% a un 20,00% (IN08M-PC-05). Nestas porcentaxes non se contabilizan os estudiantes estranxeiros que proceden do programa do *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives* nin de programas de mobilidade con universidades estranxeiras, polo que a esta porcentaxe habería que sumar no curso 2017-2018 tres estudiantes que cursaron a nosa titulación ao abeiro do programa Master Mundus e unha alumna procedente do programa Erasmus.

A oferta desta titulación continúa a ser novedosa en tanto que estuda a relación da literatura cos novos medios tecnolóxicos, o cine, as artes e a diversidade xenérica, social e cultural; outorga unha visión e metodoloxía amplas para a análise das diversas literaturas e culturas e ofrece unha formación superior teórica e práctica en aspectos concretos do estudo textual da literatura e da cultura universal. O nivel de especialización que ofrece permite perfeccionar e completar as competencias adquiridas na etapa de grao. Ademais, este máster ofrece formación relacionada co emerxente campo das industrias culturais e dota o estudiante de capacidades e recursos suficientes para actividades profesionais en entidades públicas ou privadas e para a creación de empresas relacionadas coa consultoría, a mediación ou a participación cultural.

Ao longo destes anos tentamos manter sempre unha oferta novedosa e relevante para a sociedade actual, atendendo ás necesidades e requisitos do ámbito profesional. A vinculación coa sociedade apóiese en proxectos e accións desde a docencia e a investigación: búscase a pertinencia destas últimas cara ás demandas da sociedade co fin de formar persoas conscientes dos problemas e necesidades da colectividade. Ademais de incorporar contidos novos que garanten a fortaleza e a estabilidade da oferta académica do mestrado no eido das Humanidades, inclúense ámbitos de estudio moi recentes e relaciónanse os estudos da literatura e da cultura con disciplinas como a estatística, a economía, a socioloxía, o turismo cultural, a moda ou as humanidades dixitais, ámbitos que a sociedade demanda na actualidade no campo das Humanidades. Como exemplo disto, podemos mencionar a participación no curso 2017-2018 dun profesor visitante da área de Ecoloxía, a presenza de temáticas como o realismo máxico como estética das literaturas periféricas con perspectivas comparatistas na programación docente da materia "Transferencias literarias e culturais" ou as

ópticas novedosas dalgúns TFM presentados durante o curso académico 2017-2018 (Vid. táboa TFM\_MELC\_17-18). O máster proporciona deste modo unha perspectiva interdisciplinar, transnacional e intercultural en diálogo e en construción coa propia cultura e identidade.

A matrícula revela tamén o éxito do mestrado. No curso 2017-2018 cubríronse praticamente todas as prazas ofertadas (IN02M-PC-05, IN01M-PC-05), sendo pois a matrícula de 25 alumnos. O número, a procedencia e o nivel de partida dos matriculados que acolle este mestrado revelan o interese académico que esperta, mesmo nun período no que moitos estudiantes optan por prepararse para as prazas no sector público, de maneira especial para o ensino secundario que se están convocando estes últimos anos nas distintas comunidades autónomas. No curso 2017-2018, debido á renovación do *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives* só doux alumnos realizaron estes estudios en réxime de estudiantes visitantes, ademais dunha alumna chinesa, áinda do programa *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives*, polo que o número total de estudiantes no mestrado ascendeu a un total de 28.

Se ben nos cursos anteriores o profesorado sinalou certa dificultade para que algún estudiante procedente de países asiáticos puidese seguir con normalidade as clases, esta problemática desapareceu case por completo no curso pasado e no actual. Cada vez máis, os alumnos estranxeiros son conscientes da necesidade de ter polo menos un nivel B2 de lingua castelá ou galega para cursar a titulación. Desde a coordinación infórmase claramente deste requisito ao alumnado que solicita información sobre o mestrado. Así mesmo, para o curso 2019-2020, segundo acordo do Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2019, a Comisión de cada máster deberá indicar o nivel de coñecemento de castelán ou galego requerido para acceder a estes estudios, pois de non indicar nada, entenderase que non será esixible este requisito. En calquera caso, o profesorado fai un enorme esforzo, facilitando materiais noutras linguas e/ou mediante unha atención titorial extra, co fin de resolver as eventuais dificultades que atopan os estudiantes coas linguas nas que se imparte o mestrado, galego e castelán, e procura que estes problemas non interfirian no normal desenvolvemento da clase, de xeito que o alumno poida seguir a materia e concluíla con éxito.

Atendendo á diversidade de procedencias e á contorna social, xeográfica e cultural na que se van integrar os alumnos que proceden de fóra de Galicia, a Comisión do Máster considerou oportuno executar no curso 2016-2017 unha acción de mellora, que xa é unha boa práctica do mestrado, e que permite ofrecer maior información aos estudiantes de fóra de Galicia e estranxeiros sobre os cursos de galego que se ofertan na USC, a través por exemplo do Servizo de Normalización Lingüística, o Centro de Linguas Modernas ou os cursos que se ofertan no propio Centro (Acción de Mellora 3 do IRA 2016-2017). Desde a coordinación infórmase destes cursos, tanto nas sesións de benvida como a través da aula virtual de coordinación. A participación e implicación do estudiantado de fóra de Galicia nestes cursos facilita a relación entre estudiantes e entre estudiantes e profesorado, posibilita a docencia en calquera das linguas oficiais da titulación e permite unha maior achega á lingua e á cultura que acollen a estos estudiantes.

Os informes do curso 2017-2018 amosan que o Máster en Estudos da Literatura e da Cultura segue a ser demandado por un alumnado esixente e con altas cualificacións que busca especialización e concede grande importancia ás metodoloxías e paradigmas teóricos novedosos. A porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación cunha puntuación igual o superior a 6 continúa sendo elevada no curso 2017-2018 acadando o 92,31% (IN07M-PC-05), e a nota media de acceso foi más elevada que no curso anterior, situándose nun 7,47 (IN06M-PC-05).

Por último, cómpre sinalar que xunto cun programa formativo actualizado segundo os requisitos da disciplina, as necesidades socioeconómicas e as esixencias das futuras profesións para as que pode habilitar este mestrado, o interese académico e o éxito do mesmo apóiaise nos seguintes piares:

- Profesorado cualificado que desenvolve unha intensa actividade formativa e investigadora, pois, ademais do profesorado catedrático, un 13,89% segundo a evidencia E.15, unha gran parte do profesorado está

acreditado a cátedra e dirixe ou participa en proxectos de I+D+i. O 58,33% do profesorado está formado por profesores titulares de universidade. O mestrado conta ademais con profesorado emérito, un 8,33% (a mesma porcentaxe que o profesorado contratado doutor), que xa participou noutras edicións e que seguen colaborando coa titulación na docencia, na dirección dos TFM ou na participación en tribunais de TFM (vid. E.15).

- b) Profesorado de distintas áreas e departamentos da USC. Do propio centro de Filoloxía participan todos os departamentos (vid. E.15). O feito de que varias das materias sexan impartidas por profesorado de distintos departamentos, áreas de coñecemento e mesmo campus constitúe un excelente exemplo práctico da vocación integradora, transversal e interdisciplinaria do mestrado. Todo este profesorado permite reforzar a especialización nos dous itinerarios: estudo e edición de textos literarios e estudos teóricos e comparados da literatura e da cultura.
- c) Mantense unha importante oferta de créditos impartidos por profesorado visitante, un 11,11% (vid. E.15). Este profesorado doutor é persoal especialista na materia que imparten no título, a miúdo conta cun acreditado prestixio internacional e permite introducir novas visións da literatura e da cultura e métodos formativos que facilitan a inserción dos egresados do título no mercado laboral. Esta acción permite tamén crear novas redes de coñecemento e investigación. Este profesorado é seleccionado entre os distintos candidatos pola Comisión do Máster. O Máster *Mundus Crossways in Cultural Narratives* supón unha fonte de financiamento que permite incorporar ao mestrado profesorado visitante e contribúe á posta en marcha de actividades de apoio académico e formativo, principalmente a través do SEFORIN (Seminario de Formación e Innovación para o alumnado dos mestrados do Centro).
- d) Unha forte aposta polas prácticas externas cun amplio abano de perspectivas profesionais. No curso 2017-2018 aumentouse a oferta de prazas en diversas empresas e institucións públicas e privadas, o que permite ao estudantado coñecer o mercado laboral e os requisitos das distintas profesións para as que habilita esta titulación e corrobora a adecuación e actualización dos perfís profesionais das persoas egresadas.
- e) O carácter internacional continúa a ser un trazo distintivo do mestrado, grazas á diversidade dos perfís dos estudantes matriculados no título e do alumnado do *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives*, que se identifica de xeito natural coa denominación do programa docente no que se integra durante a súa estadía na USC. A Universidade de Santiago de Compostela é unha das más demandadas entre as distintas institucións que forman parte do consorcio do *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives*.

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias corresponde co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, corresponden co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumple a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudiantes que os cursen e adecuáse ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta dos dous itinerarios, dos módulos e das materias obligatorias e optativas corresponde co establecido na Memoria de Verificación aprobada en 2013 e renovada en 2017. No curso 2017-2018 non se produciron modificacións e volveron ofertarse todas as materias optativas dos dous itinerarios que están contempladas na memoria do máster. Ademais de contar cos suficientes recursos propios, tanto materiais como humanos, que contribúen á viabilidade do título, a oferta docente, as redes de colaboración na investigación ou a relación docente/discente enriquece coa visita de profesorado externo. No curso 2017-2018 puidose traer a seis profesores visitantes, especialistas na materia que impartían. Este profesorado externo, tal como se puxo en funcionamento desde o curso 2016-2017 cunha acción de mellora, convertida agora en boa práctica, comparte docencia con outro/a profesor/a do mestrado que actúa como coordinador da mesma. Isto facilita moiísimo a organización docente (coñecemento do entorno laboral, uso do campus virtual, materiais etc.) e a relación

docente/discente.

O desenvolvemento das actividades académicas, das metodoloxías e sistemas de avaliación e cualificación transcorreu segundo ao establecido na memoria e permite ao alumnado acadar os obxectivos descritos na mesma. Anualmente lévanse a cabo as accións necesarias para o bo desenvolvemento destas actividades, a través das canles de participación do estudantado ou, por exemplo, da revisión coidadosa por parte da Comisión dos programas, atendendo ás fichas da memoria do título. Nas accións de mellora do curso 2016-2017 propúxose unha acción conxunta coa Facultade para formar ao profesorado na avaliación por competencias (véxase AM-01 do informe de seguimento do curso 2016-2017, incluída nas alegacións ao Informe Final de Renovación da Acreditación das accións de mellora). Se ben a Facultade ofertou este curso, a participación do profesorado do mestrado foi moi escasa. Ademais, puxéronse de manifesto as enormes dificultades e a falta de preparación do profesorado do título para levar a cabo esta tarefa, polo que a Comisión decidiu paralizar esta acción ata que se dea a oferta formativa e os medios suficientes para poder realizala.

No que atinxe ao tamaño dos grupos durante o curso 2017-2018, este foi óptimo e axeitado para poder desenvolver a formación especializada e atención más individualizada que esixe un mestrado. Hai que engadir que no segundo cuatrimestre, ao non existir materias obligatorias, e ao seguir manténdose unha ampla oferta de materias optativas, os grupos son más pequenos, o que mellora a comunicación e a motivación e permite unha atención más personalizada por parte do profesorado. A ratio, pois, de estudiantes por profesor a tempo completo no curso 2017-2018 foi de 0,60, moi semellante ao curso anterior, de 0,54 (IN30M-PS-01), e a media de alumnos por grupo de teoría foi no curso 2017-2018 de 7,27 (IN31M-PS-01) e de alumnos por grupo de docencia interactiva de 7,52 (IN32M-PS-01), indicadores moi positivos para o cumprimento do plan formativo do mestrado. Se os comparamos coa media da USC (vid. o documento Med.USC), obsérvase que os resultados da titulación son mellores que a media no resto das titulacións da USC. Isto permite de maneira especial nos estudos especializados de posgrao unha mellor integración, un trato personalizado, metodoloxías activas e unha supervisión individual das aprendizaxes. Por suposto, aquí deberíanse contar tamén os alumnos do *Máster Mundus Crossways in Cultural Narratives*, que comparten estrutura académica con este mestrado, pero como acabamos de apuntar, no curso 2017-2018 o seu número non implicou unha carga excesiva.

Finalmente, no que atinxe á participación do alumnado en programas de mobilidade, débese sinalar que a USC leva xa varios anos académicos sen convocar prazas de intercambio en programas de mobilidade para estudiantes de máster de 60 ou menos créditos, polas dificultades que existen para que a convocatoria poida desenvolverse nun tempo moi reducido que permitise que os estudiantes puidesen realizar unha estadía no segundo cuatrimestre. Con todo, o mestrado pode acoller estudiantes doutras universidades estranxeiras grazas aos convenios de intercambio asinados ata a actualidade coas Universidades de Utrecht (Países Baixos), Borgoña (Francia), Münster (Alemaña), Viena (Austria) e Lodzki (Polonia).

### 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudiantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarse o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudiantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudiantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Dende a Coordinación estase realizando un labor de atención titorial exhaustiva, a través de reunións cos estudiantes (ao comezo do curso, antes de Nadal e antes de rematar o curso en abril), pero tamén a través do correo electrónico, de titorías e da aula de coordinación dispoñible no campus virtual. Estas reunións permiten aclarar dúbidas, detectar problemas ou corrixir deficiencias, se as houber, ou aclarar ou completar información.

No que atinxo á coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias, a Comisión leva a cabo a revisión anual dos programas docentes e presta especial atención á coordinación entre o profesorado e os resultados da mesma. En cursos anteriores, deseñáronse e puxéronse en marcha accións de mellora, convertidas xa en boas prácticas, que permiten a coordinación entre as diferentes materias do plan de estudos (véxase, por exemplo, a subtarefa 2 da Acción de Mellora AM-01 incluída nas alegacións ao Informe Final de Renovación da Acreditación ou a acción AM-4.1. do Informe de Renovación da Acreditación). Todos os anos desde a coordinación, cando se solicitan os programas das materias, lémbrese aos profesores que comparten materia que prestan especial atención á elaboración do programa (contidos, metodoloxía e avaliación), que presenten conxuntamente a materia o primeiro día de clase e que, se o consideran oportuno, fagan titorías ou presentacións grupais onde participen ambos os profesores. O profesorado visitante, no que atinxo á xestión do curso e da súa visita, está apoiado en todo momento pola Coordinadora, pero tamén polo profesor do mestrado que o propón e polo profesor co que comparte a materia.

Préstase especial coidado á elaboración dos contidos das materias, así como á avaliación, sen sobrecargar o alumnado de traballos polo mero feito de ter dous profesores. Outro aspecto que fixo mellorar a coordinación foi que se evita, na medida do posible, que unha materia sexa impartida por tres profesores, limitando esta posibilidade ás materias de 6 créditos do primeiro cuatrimestre. As enquisas amosan que a coordinación mellorou moito, acadando no curso 2017-2018 a maior puntuación desde o inicio do máster, un 4.36 sobre 5, tal como se amosa nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF. 13).

No que atinxo ás prácticas externas en empresas, institucións e grupos de investigación, estas ofértanse dende o primeiro ano de implantación do mestrado (curso 2013-2014) cun nivel de satisfacción moi positivo por parte dos distintos grupos implicados (vid. IN19M-PC-09, IN20M-PC-09 e IN21M-PC-09). Existen ademais mecanismos de coordinación que permiten aos estudiantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas. Estas contan cun titor académico, profesor do título, que se corresponde ademais cun membro da Comisión, e un titor profesional na empresa ou institución. Así mesmo, desde a coordinación do mestrado colabórase en todas as tarefas relacionadas coas prácticas, de maneira especial na busca de novas entidades, convocatorias anuais, información ao alumnado e na comunicación entre as partes implicadas. Como todos os anos, tamén durante o curso 2017-2018, a Coordinadora informa das prácticas ao estudiantado na reunión que mantén con eles a comezo de curso e nas mensaxes a través do campus virtual.

Para o bo funcionamento das prácticas é fundamental tamén o labor da titora académica, que, ademais de estar en contacto directo co alumnado seleccionado, informar, resolver dúbidas ou problemas prácticos como poden ser aqueles relacionados cos horarios, leva a cabo un seguimento da evolución das prácticas. Do mesmo xeito, supervisa os contidos das prácticas para que exista unha correcta adecuación das mesmas ao programa formativo do máster e ás competencias que os estudiantes deben adquirir. A titora académica está ademais en contacto directo co titor profesional e actúa de enlace entre este e o estudiante. Os estudiantes contan tamén desde o primeiro día de clase con toda a información e documentos relacionados coas prácticas a través do campus virtual. Cabe sinalar, por último, que desde o curso 2016-2017 mellorou a xestión das prácticas dende o Centro grazas á creación da Comisión de Prácticas Externas da Facultade de Filoloxía (por acordo da Xunta de Facultade o día 8/7/2016). Coa posta en marcha desta Comisión, da que forma parte unha representante da Comisión do mestrado, mellorouse a coordinación entre todos os axentes implicados, proporcionouse información a través de fichas e guías e publicouse de xeito coordinado para todos os mestrados que se imparten no Centro a convocatoria de prazas. Desde o curso que se avalía, 2017-2018, a xestión do programa de prácticas mellorou enormemente ao adiantarse a publicación da convocatoria de prazas a novembro de

2017 e a súa resolución ao mes de decembro, antes do comezo do segundo cuadrimestre. Isto facilita a coordinación entre os axentes implicados (titores e estudiantes), pois permite que se realicen entrevistas previas entre titor profesional e interesado/s, que se solucionen a tempo problemas de encaixe entre os contidos da titulación e as prácticas, que o estudiante saiba onde vai realizar as prácticas antes do inicio das clases do segundo cuadrimestre e, polo tanto, saiba con antelación que materias realizará nese cuadrimestre, e, finalmente, dálle ocasión ao estudiante de contactar co titor profesional para coñecer o seu proxecto formativo na empresa, así como o calendario. Para todo isto, o labor de coordinación entre os titores e a Coordinadora do mestrado é fundamental.

#### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudiantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudios.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudiantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segue manténdose a coherencia entre o perfil de ingreso especificado na Memoria de Verificación e o perfil real do estudiantado matriculado. A maioría dos estudiantes pertenecen á rama de Artes e Humanidades, principalmente procedentes da área de Humanidades ou das distintas Filoloxías (Estudos Hispánicos, Linguas e Literaturas Modernas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Españolas etc.), tal como se especifica no documento I2. Na súa maioría trátase de estudiantes que posúen unha boa formación previa en literatura, teoría da literatura e literatura comparada (tal como se recomendaba na memoria). Emporiso, o máster contou no curso 2017-2018 tamén con algúns estudiantes moi interesados no título procedentes doutras áreas da rama de Artes e Humanidades, como Historia da Arte, e con varios estudiantes da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas procedentes de Comunicación Audiovisual, Economía e Comercio Internacional, Empresariais ou Publicidade e Relacións Públicas (I2). Isto dá conta do carácter interdisciplinario do máster e do atractivo dunha oferta cun peso específico nos novos medios tecnolóxicos e de comunicación ou cunha metodoloxía ampla para a análise das distintas literaturas e culturas. Con todo, a resposta que dá o profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (INF. 14) á pregunta: “1. O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia”, baixa un pouco con respecto ao curso anterior e sitúase nun 3,53, cando a maioría dos ítems acadan máis dun 4 (INF 14). Cremos que isto se debe en gran medida ao estudiantado procedente de titulacións non filolóxicas que, ademais, nesta edición foi máis elevado que nas anteriores (7 alumnos segundo o documento I2), así como á participación de alumnado estranxeiro (IN08M-PC-05), cuxas formación de partida e competencia lingüística fan que as habilidades coas que se incorporan ao mestrado sexan escasas para afrontar certos contidos dalgúns materias, de maneira especial das obrigatorias do primeiro cuadrimestre que teñen unha carga de créditos más elevada e con contidos avanzados no campo da ecdótica ou dos estudos da cultura, xa que os estudiantes procedentes de titulacións non filolóxicas non reciben formación previa nestes ámbitos. No entanto, aínda que estes alumnos, tal como reflicte e prevé a Memoria do máster, non contan cunha formación específica nos campos más directamente relacionados co título, amosan moito interese en mellorar a súa competencia no ámbito dos estudos literarios e da cultura e completan as posibles lagoas que poidan ter na súa formación. Este alumnado está moi motivado, ten a miúdo un expediente académico extraordinario e suple a falta de coñecementos concretos ou algún baleiro teórico-metodolóxico de xeito autodidacta e coa axuda do profesorado da materia. Estes estudiantes constitúen unha riqueza notable para o conxunto e un elemento básico de innovación e interdisciplinariedade no título.

A porcentaxe do alumnado de fóra de Galicia subiu no curso 2017-2018 a un 8%, semellante ao curso 2015-2016 e superior aos anteriores, que se situaban preto dun 4% (IN09M-PC-05). Tamén se incrementou a porcentaxe de alumnado estranxeiro (desde o 14,81% no 2016-2017 ao 20,00% no 2017-2018, IN08M-PC-05). A procedencia xeográfica de alumnado no curso 2017-2018 é similar á dos anos anteriores, pois a maioría

procede do sistema universitario galego e dous son de fóra, un das Illas Baleares e outro de Valencia. Recíbense tamén dous estudiantes doutros países, en concreto de Alemaña e Colombia. Cremos necesario continuar coas medidas de difusión do máster noutras universidades e, en xeral, noutros ámbitos de Humanidades e Ciencias Sociais, posto que aí existe futuro alumnado que convén non desatender. Tal como se propuña na Acción de Mellora 3.2 do IRA, realizáronse carteis que se distribuíron en formato papel e electrónico e que volverán a distribuirse, consolidando así esta acción de mellora como unha boa práctica do mestrado. Esta cifra revela o interese polo título de alumnos estranxeiros e confirma a rendibilidade desta vía de acceso e a necesidade de ter en conta este dato. Ademais, consideramos unha boa práctica, xa levada a cabo en cursos pasados, informar ao estudiantado de novo ingreso estranxeiro ou de fóra da comunidade galega dos cursos que ofrece a Facultade de lingua, literatura e cultura galegas, así como dos obradoiros que desde o Servizo de Normalización Lingüística da USC, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade ou o Centro de Linguas Modernas se poidan ofertar. Desde a Coordinación séguese de preto a evolución destes estudiantes a través das reunións anuais e entrevistas individuais e, tal como se comentaba no punto 1.1, o profesorado valora e é consciente en todo momento dos distintos perfís e procedencia dos estudiantes, unha realidade xa desde a primeira edición do mestrado coa incorporación dos estudiantes do *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives* á estrutura académica do Máster en Estudos da Literatura e da Cultura.

#### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudiante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2017-2018 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título.

Ademais das normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e renovación da acreditación do mestrado, durante o curso 2017-2018 tomouse o seguinte acordo do Consello de Goberno:

- Acordo do Consello de Goberno do 24-05-2018, polo que se aproba a Modificación do acordo sobre recoñecemento de estudos realizado en Réxime de intercambio aprobado polo Consello de Goberno do 3 de marzo de 2017. <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/16767>

Non entrou en vigor ningunha outra normativa ou regulamento de relevancia para o desenvolvemento do mestrado.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está disponible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Públicase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información do mestrado adquírese, fundamentalmente, a través de internet e ten como principal obxectivo atender a demanda de información dos distintos grupos de interese, tanto externos (futuros estudantes, estudantes egresados, entidades sociais) como internos (estudantes, PDI e PAS). Esta información é suficiente e relevante e é actualizada constantemente. Toda a información publicada responde ao contido da memoria do título e está publicada na web da Facultade de Filoloxía ([http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/Mestrado/Estudios\\_literatura\\_cultura/index.html](http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/Mestrado/Estudios_literatura_cultura/index.html)) e mais na páxina oficial da USC (<http://www.usc.es/masteres/gl/masteres/artes-humanidades/estudios-literatura-cultura>).

Neste curso non se produciron modificacións na presentación nin nos procedementos de publicación de información na web. Engadir que, xa desde o curso pasado 2016-2017, a USC conta cunha nova apariencia da páxina web institucional que posibilita que esta se poida visualizar moito mellor en dispositivos móveis, de uso moi estendido entre o estudiantado. Garántese así un fácil acceso á información do título.

Cómpre engadir que se continúa con boas prácticas que comenzaron a funcionar a partir de accións de mellora relacionadas coa información pública do máster e que tiñan a finalidade de darlle publicidade a este tamén a través doutros medios. Deste xeito, a través da pantalla informativa do vestíbulo da facultade, dos roll-ups ou banners informativos dos títulos de máster da Facultade, un deles dedicado ao Máster en Estudos da Literatura e da Cultura, que se atopan no vestíbulo da Facultade e de carteis, que se volveron imprimir e distribuír antes do comezo do curso 2017-2018, tentase chegar a todos os grupos de interese. Así mesmo, este material tamén se distribuíu por outras facultades e universidades. Ademais, as versións electrónicas en formato pdf dos carteis foron enviadas tamén a colegas de distintas universidades e outras institucións, así como a outro persoal interesado para a súa publicidade a través das redes sociais.

Do mesmo xeito, continúase con accións de mellora relativas á difusión e publicidade dos estudos de máster a través da sesión informativa sobre a oferta de estudos de máster da Facultade que organiza o propio Centro en colaboración cos coordinadores dos mestrados (AM-7, IS 2014-2015, agora incorporada como boa práctica dos títulos de máster) e que no curso 2017-2018 tivo lugar o 17 de abril de 2018 ás 17 horas no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía.

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO****CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propor accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2017-2018, todos os mecanismos para a recollida de información, análise, detección de debilidades, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas se seguiron e desenvolveron segundo o establecido.

A Comisión do Máster e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvimento e mellora do título en cuestión (vid. actas correspondentes). A composición da Comisión do Máster como a de Calidade son accesibles a través da web e actualízanse cando é preciso: <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>.

Desde a Comisión do Máster complementouse a información recibida desde a ACMP, especialmente no que atinxer á satisfacción dos grupos de interese, realizándose as seguintes enquisas:

- (1) Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para coñecer a procedencia xeográfica e académica do alumnado, os seus intereses e motivacións para cursar este mestrado e as expectativas postas nel. Isto permite, por exemplo, orientar as campañas de captación do alumnado, as debilidades, se as houber, na xestión de matrícula ou información que reciben antes de matricularse etc. Esta enquisa comezou a aplicarse en setembro de 2017 e foi repartida na sesión de benvida aos estudiantes de novo ingreso do curso 2017-2018. Na primeira reunión da Comisión do curso 2018-2019 a Coordinadora informou dos resultados das enquisas realizadas durante o curso 2017-2018 e foron debatidos pola Comisión (véxase acta do 6 de setembro de 2018); na reunión da Comisión do 12 de marzo de 2019 coméntanse de novo os datos en relación tamén cos resultados das enquisas sobre a satisfacción xeral do alumnado e do profesorado co máster. A participación na enquisa propia referida ao perfil de ingreso foi moi elevada: 21 enquisas completadas de 25 alumnos matriculados. Obsérvase como a maioría do estudiantado procede de titulacións filolóxicas e manifesta que escolle esta titulación como a única para realizar os estudos que desexaba; só en catro casos os alumnos escollían no apartado “outras opcións” outros mestrados. A enquisa revela que a maioría sabe do mestrado a través da internet, pero tamén polo profesorado ou a través da información distribuída na propia Facultade de Filoloxía. O que agardan do título é formación teórica e coñecementos prácticos e acadar obxectivos profesionais. Ao rematar o mestrado desexan continuar coa investigación a través do programa de doutoramento en Estudos da Literatura e da Cultura, cursar outros estudos ou acceder ao mercado laboral. A

información proporcionada pola Coordinadora é considerada moi boa e axeitada. O único punto débil atinxo á información recibida a través da páxina web da USC e á xestión académica (matrícula etc.). No que respecta á enquisa propia de satisfacción cos estudos do máster, que o alumnadoobre ao final de curso, os resultados foron moi positivos, con puntuacións entre 4 e 5 (sobre 5) na maior parte dos casos. Só nunha enquisa os ítems referidos aos resultados globais do máster recibiron puntuacións inferiores a 4. Ademais, cómpre sinalar que un alumno inclúe no apartado de observacións unha reflexión na que sinala que bota de menos que as materias se ocupen doutras disciplinas culturais e sinala que desexaría outras materias de corte más práctico, más alá das prácticas externas, que recomenda "encarecidamente". Con todo, só cinco alumnos entregaron esta enquisa. É difícil mobilizar ao alumnado a cubrir estas enquisas, cando xa levan cubertas moitas ao longo de todo o curso e cando xa rematou a docencia presencial do mestrado e defenderon o seu TFM (vid. documento "Enquisa\_perfil\_ingreso"). No entanto, seguirase insistindo na necesidade de que cubran tamén estas enquisas propias do mestrado con respecto á súa satisfacción cos estudos desta titulación.

- (2) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFM: enquisas aos estudiantes que defenden o seu TFM para recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados, pero tamén co procedemento en xeral (titorización, avaliación etc.).

A Comisión considerou oportuno xa no curso 2015-2016 realizar unha enquisa propia sobre a materia Traballo Fin de Máster (Acción de Mellora 5 do IRA, finalizada, vid. documento "Enquisa\_satisfaccion\_TFM"). Aínda que houbo poucas respostas a esta enquisa, que a propia Comisión do Máster debateu e analizou (vid. Acta do 6 de setembro de 2018), nestas destacan a alta valoración do labor dos tutores/as e o elevado número de horas que estes dedican á titorización do alumnado de TFM. Agardamos contar cunha maior participación no vindeiro curso, para o que insistiremos aos presidentes dos tribunais, tal como xa se fixo na anterior edición, para que repartan a enquisa ao estudantado que presenta o TFM co fin de que este poida entregalo de xeito anónimo na caixa de correo da Coordinadora. Dende a Coordinación insistirse tamén ao estudantado, tanto a través do correo electrónico como na última reunión da Coordinadora cos alumnos, na necesidade e na oportunidade de cubriren estas enquisas, pois permiten facer un seguimento do proceso de elaboración do TFM, analizar e reflexionar a partir dos datos proporcionados e detectar, se fose o caso, posibles deficiencias e disfuncións, propoñendo finalmente as melloras pertinentes. Na aula virtual de coordinación do Máster atópase colgada desde o comezo de curso esta enquisa xunto co resto das enquisas elaboradas pola propia Comisión.

- (3) Análise da satisfacción do alumnado coa materia de prácticas externas: estas enquisas permiten recoller información sobre o proceso formativo dos estudiantes nas empresas, institucións ou grupos de investigación onde realizan as súas prácticas, sobre a súa satisfacción cos resultados e o procedemento en xeral (titorización, elaboración da memoria etc.). Os estudiantes valoraron coa puntuación máxima a súa satisfacción coas prácticas externas (vid. IN19M-PC-09). Ademais, para completar a información que se obtén das enquisas elaboradas pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP), a Comisión elaborou e distribuíu xa en edicións anteriores enquisas propias, que permiten coñecer o desenvolvemento e o grao de satisfacción do alumnado, pero tamén dos tutores profesionais coa materia (vid. documento "Enquisa\_satisfaccion\_estudante\_practicas"). As enquisas propias de satisfacción con esta materia reflecten un grao de satisfacción elevado. Os aspectos mellor valorados son as actitudes do tutor asignado pola entidade e o encaixe xeral entre a titulación e as prácticas realizadas. O menos valorado é o progreso en aptitudes e habilidades profesionais. Todos recomendáran a entidade para realizar alí as prácticas. A resposta a estas enquisas foi dun 37,5%, máis alta que nas edicións anteriores, aínda que non a desexada, malia que a titora académica lles enviou varios recordatorios (vid. acta do 6 de setembro de 2018).

- (4) Análise da enquisa de satisfacción dos tutores profesionais co procedemento das prácticas e o alumnado que realiza as prácticas nas distintas institucións, co fin de detectar, entre outros

aspectos, carencias formativas, se se cumplen as expectativas da empresa etc. Con respecto á satisfacción dos titores profesionais e académicos non existe información para o curso 2017-2018 referida ás enquisas oficiais, xa que segundo informaron da ACMP non houbo respuestas. Emporiso, a Comisión distribuíu, como en edicións anteriores, enquisas propias aos titores profesionais que permiten coñecer o desenvolvemento e grado de satisfacción dos titores coa materia, e, se for necesario, levar as accións pertinentes para melloralo. Estas enquisas reflicten tamén un grao de satisfacción elevado. Entre os aspectos mellor valorados nesta enquisa están a puntualidade, a motivación, a capacidade de aprendizaxe, a adaptabilidade e a comunicación oral e escrita. Entre os aspectos con peores valoracións, atópanse o manexo de ferramentas (informática) e o coñecemento das técnicas ou procedementos para o traballo (vid. acta do 6 de setembro de 2018 e documento "Informe\_titor\_profesional").

En relación coas enquisas de satisfacción que se distribúen desde a ACMP, a Comisión, a través da Coordinación así como o centro, sempre procuran contribuír a un aumento na participación a través de anuncios coa información sobre o proceso de avaliación en marcha e as datas en que se poden cubrir as enquisas: a través de mensaxes de correo electrónico ao profesorado do mestrado, onde se anima a que lembre nas clases a importancia de participar, así como a través do grupo de coordinación que se dispón na aula virtual para difundir información e documentos a todo o profesorado e estudiantado implicado na docencia/discencia do título. O centro ademais envía recordatorios a través das listas de distribución a todo o PDI da Facultade e colga a información na pantalla informativa do hall e letreiros en lugares visibles.

Todos os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvolvérónse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes. No que se refire á difusión e promoción do sistema de traslado de queixas e reclamacións, levouse a cabo nas sesións informativas dirixidas ao estudiantado, así como mediante a inclusión dun formulario na páxina web da Facultade para o envío de queixas, suxestións e felicitacións, tal como se pode comprobar en <http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/suxestions.html> e que se puxo en marcha en febreiro de 2018.

No curso 2017-2018 non se recibiu ningunha reclamación en relación co Máster en Estudos da Literatura e da Cultura.

### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2017-2018 fíxose o seguimento do mestrado seguindo o calendario establecido pola USC. O informe foi aprobado na Xunta de Facultade de 21/03/2018.

Polo que se refire á Memoria de Calidade da Facultade do curso 2016-2017, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión extraordinaria celebrada o 26/07/2018. O mesmo día 26/07/2018 a Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Filoloxía ratificou esta aprobación.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento do título, do curso 2017-2018 e anteriores, son públicos e accesibles en <http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/calidade/index.html>, de

xeito que todos os grupos de interese poden acceder a esta documentación e contribuír á reflexión.

No informe definitivo da Renovación da Acreditación do Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura, recibido con data de 28 de xullo de 2017, a Comisión de Avaliación destacaba o enorme esforzo de reflexión levado a cabo no autoinforme e a aportación de abundantes evidencias e indicadores da evolución do título. Destacábase o traballo da Comisión do título por activar todos os anos mecanismos para solucionar problemas puntuais detectados. A Comisión de Avaliación indicaba que o título está actualizado segundo os requisitos da disciplina e a oferta enriquece con disciplinas diversas de gran interese actual. Destacábase tamén como un valor engadido do mestrado a heteroxeneidade de perfís de acceso e de países de procedencia do alumnado. Por outra parte, sinalábase como a porcentaxe de participación de alumnado e profesorado nas enquisas de satisfacción fora en aumento, aspecto que xa se produciu tamén con respecto ao curso 2016-2017 e que mesmo se incrementou no curso 2017-2018 que se avalía agora. No que atinxe ao profesorado destacouse que este era suficiente e estaba altamente cualificado, onde poden darse materias que dispoñan de varios docentes en función dos perfís e a súa adecuación específica, así como de profesorado visitante, algúns deles especialistas con reputación internacional amplamente contrastada, sinalaba o informe final da Comisión de Avaliación. En relación coas prácticas sinalábase a satisfacción con estas en todos os colectivos entrevistados e destacábase como os estudiantes reciben retroalimentación do traballo que desenvolven nos centros de realización das mesmas. Os empregadores destacaron o axeitado perfil formativo, así como unha presenza adecuada das competencias relacionadas co traballo autónomo, o manexo de bases de datos e a capacidade de resolución de problemas. A Comisión de Avaliación detectou algúns aspectos que poderían ser mellorados e a Comisión do título decidiu levar a cabo accións de mellora, que se xa foron executadas, agás dúas incluídas nas alegacións ao Informe de Renovación da Acreditación: unha subtarefa da Acción de Mellora AM-01, relativa á incorporación da avaliação por competencias nos programas das materias, que non se levou a cabo por mor da falta dos medios e da formación necesaria do profesorado; e a Acción de Mellora AM-05 para a creación dun Comité Consultivo da Facultade, que foi adiada ao presente ano 2019.

### **3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establecense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con data de 22/02/2018 a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC aprobou a modificación do Sistema de Garantía de Calidade marco, co fin de simplificar e mellorar a súa operatividade. Este redeseño do SGC marco consistiu en:

1. Eliminar aqueles procesos en que os centros non teñen competencias, creando un nivel institucional.
2. Adaptalo ás incorporacións doutros centros, como as Escolas de Doutoramento Internacional ou o CIEDUS.
3. Eliminar aqueles procesos que se consideran suficientemente descritos na normativa correspondente.
4. Dotar o sistema dunha maior flexibilidade, adaptándose ás necesidades específicas de cada centro.

O novo SGC dispón dun breve manual da USC, pero tamén contempla un manual do sistema para os centros, onde se detalla o alcance, a estrutura e os detalles do seu funcionamento. En canto ao Manual de Procesos

e Procedementos, créanse 8 procesos a nivel institucional e déixanse só 13 a nivel de centro, fronte ao antigo manual, exclusivamente de centro, que contaba con 22 procesos e 26 procedementos.

Estableceuse o prazo dun ano desde a data de aprobación para que os centros axustasen o seu sistema á nova documentación. Co fin de organizar as tarefas de adaptación, a ACMP anunciou un calendario de reunións coas Comisións de Calidade dos centros. Porén, como consecuencia da celebración de eleccións a reitor/a e os subseguientes cambios no equipo de goberno e na propia ACMP, estas reunións non chegaron a producirse, de xeito que áinda se atopa pendente todo o proceso de adaptación ao novo SGC marco da USC.

Por último, polo que se refire particularmente á Facultade de Filoloxía, centro no que se imparte o máster, cómpre mencionar que se está a elaborar un novo Regulamento de Réxime Interno. A Comisión nomeada a tal efecto pola Xunta de Facultade na súa sesión de 30/05/2017 está desenvolvendo os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito documento, pero foi preciso adiar a data de remate que se establecera inicialmente, de xeito que se prevé que as tarefas rematen antes da finalización do curso 2018-2019.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico.** O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudiantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudiantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No Informe final da Renovación da Acreditación, recibido en xullo de 2017, este criterio 4 acadou a máxima puntuación:. A Comisión de Avaliación indica que se supera excelentemente. Con todo, desde a Comisión do título seguimos a traballar para que o persoal académico e de apoio sexa suficiente e axeitado, cunha cualificación adecuada ás características do plan de estudos, aos seus itinerarios e ás competencias que deben acadar os estudiantes.

Aínda que nos últimos anos se xubilaron varios profesores que participaban no mestrado e a renovación do cadre de persoal do Centro por parte da Universidade foi nula, o mestrado non se viu afectado por agora. Moitos dos profesores xubilados da Facultade de Filoloxía acadaron a emeritaxe e seguen colaborando co mestrado na docencia e na titorización e participación nos tribunais de avaliación dos TFM. Na páxina web da Facultade inclúese o listado do profesorado que participa cada ano na docencia do título. Ademais, tal como se pode ver no informe IN24M-PS-01 a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total acadou no 2017-2018 o 100%, a mellor porcentaxe acadada ata o momento subindo anualmente do 80,36% en 2013-2014 ata o 100% no 2017-2018. Mantense tamén no 100% a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (IN25M-PS-01) e a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total acada de novo a súa cota máis alta cun 89,66% (IN26M-PS-01). Así mesmo, a contratación de cinco profesores visitantes no curso 2017-2018, grazas ao apoio económico do *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives*, enriquece a oferta docente e ofrece tanto ao profesorado como ao estudantado a creación de novas redes de traballo e investigación..

A participación do noso profesorado nos plans de formación supera tamén á do curso pasado e alcanza un 22,2%, sendo a más alta dos mestrados da Facultade (I6). No informe do *Máster Mundus Crossways in Cultural Narratives* sinálase que a participación foi dun 28,81%, se ben o profesorado é o mesmo que o da nosa titulación, pois comparten estrutura académica. No que atinxe á súa satisfacción coas actividades formativas desenvolvidas, a través do Programa de Formación e Innovación Docente da USC (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/index.html>), esta segue sendo moi positiva. A valoración media atópase en todos os ítems por riba do 4, obtendo a satisfacción global un 4,39 sobre 5 e a recomendación do curso un 4,42, niveis superiores aos do curso pasado (INF.10).

Ofrécese a continuación información específica do máster, en relación con algunha información xeral da Facultade, correspondente ao curso 2017-2018:

**(i) Mobilidade do profesorado:** Ao longo do curso 2017-2018 tiveron lugar unhas 385 accións de mobilidade do PDI do centro (un pouco inferior aos cursos anteriores: 2014-2015: 425; 2015-2016: 430; 2016-2017: 426):

- (a) Investigación: a maior parte das accións realizadas gardan relación coa formación e coa investigación: asistencia a congresos, estadías de investigación etc.; 322 accións (84% aprox. do total; proporción semellante á do curso 2016-2017: 88%).
- (b) Asistencia a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento etc.; arredor de 63 accións.

No que atinxe ao máster en Estudos da Literatura e da Cultura, sobresae a alta participación do profesorado en programas de mobilidade, a segunda porcentaxe más alta de todos os títulos da Facultade, tanto de grao como de mestrado, sendo a primeira a do Grao en Lingua e Literaturas Modernas (véxase I-10).

**(ii) Profesores/as e investigadores/as visitantes:** durante o curso 2017-2018, a Facultade acolleu a un total de 19 profesores/as investigadores/as visitantes, procedentes de universidades de Brasil, China, Estados Unidos, Francia, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal e Reino Unido, así como doutras universidades galegas e españolas (A Coruña, Salamanca, Valencia e Vigo). Estes/as profesores/as desenvolveron actividades de investigación e docencia no noso centro e case a metade deles (8 de 19) realizaron estadías superiores a un mes de duración.

No Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura participaron no curso 2017-2018 cinco profesores visitantes, un da mesma Universidade de Santiago de Compostela, que impartiu unha serie de conferencias, dous de universidades españolas (Universidade Internacional de La Rioja e Universidade da Coruña) e tres de universidades estranxeiras (Universidade de Lisboa, Centro Universitário Ritter dos Reis de Porto Alegre en Brasil, e Morehead State University, Kentucky, Estados Unidos). Todos tiveron unha acollida moi positiva tanto por parte do alumnado como por parte do profesorado que coordinaba a materia: os profesores acadaron puntuacións de 5; 4,72; 4,78 e 4,14 sobre 5, puntuacións recollidas nos resultados de satisfacción coa docencia acadados polas distintas materias impartidas no máster no curso 2017-2018. A experiencia segue a ser moi positiva, e desde a Coordinación e a Comisión do Mestrado séguese apostando pola inclusión de profesorado visitante de recoñecido prestixio no programa. Cómpre reiterar que isto é posible grazas á aportación económica do *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives*.

**(iii) Actividades de difusión da investigación celebradas na Facultade:** durante o curso 2017-2018 celebráronse na Facultade un total de 49 eventos, que inclúen congresos e simposios (varios deles de carácter internacional e coa participación de numerosos investigadores estranxeiros), seminarios, conferencias, cursos e xornadas, algúns deles deseñados como actividades formativas para estudiantes de posgrao e outros dirixidos á formación continua do profesorado e do persoal investigador en formación. Cabe destacar aquí a vixencia do programa do Seminario de Formación e Innovación (SEFORIN), posto en marcha no ano 2016, como espazo de encontro e intercambio científico, que , a través de mesas redondas, obradoiros e conferencias, achega innovacións metodolóxicas transversais e relacionadas cos contidos e competencias das distintas titulacións de mestrado ofertadas na Facultade. No seguinte enlace [http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/outra\\_informacion/Seforin/index.html](http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/outra_informacion/Seforin/index.html) pódense ver as actividades desenvolvidas no SEFORIN no curso 2017-2018, algunas delas promovidas polo Mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura, como a participación da investigadora Andrea Sibylle Kreuter da Universidade de Viena sobre literatura e ballet: "Literature and ballet. From Charles Perrault and Miguel de Cervantes via Gustave Doré on stage", celebrada o día 31 de outubro de 2017.

(iv) **Incorporación de persoal investigador en formación:** durante o curso 2017-2018 a Facultade incorporou ao seu persoal en formación 5 novos contratados e contratadas predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (programas FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego). A cifra total de persoal deste tipo adscrito ao centro durante o curso 2017-2018 é de 26 persoas.

En relación co Máster de Estudos da Literatura e da Cultura, seguindo cunha acción de mellora iniciada o curso pasado e co obxectivo de obter máis información sobre os egresados que permita contrastar indicadores do resultado do máster, a Comisión do título elabora anualmente unha listaxe de estudiantes egresados que continúan a súa formación no Programa de Doutoramento da USC en *Estudos da Literatura e da Cultura*. Nesta listaxe engádese a información relativa ás bolsas que obteñen ou non a través dos diferentes programas de captación de persoal en formación en convocatorias competitivas nacionais (FPU, FPI) e autonómicas. Do Máster en Estudos da Literatura e da Cultura, incorporáronse ao programa de Doutoramento en *Estudos da Literatura e da Cultura* dous alumnos do curso 2017-2018. Ademais un deles posúe un contrato predoutoral do Ministerio e outro ten unha bolsa bianual de investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (véxase o documento "Egresados\_Doutoramento\_ELC").

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.).** O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudiantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión do Máster considera que o persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudiantes e que, ademais, este conta cun nivel de cualificación alto e acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Isto sen dúbida redunda moi positivamente no bo desenvolvemento da titulación. En todo caso, a Facultade segue a reiterar a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico, fundamentalmente informático e audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes.

No que se refire ás enquisas de satisfacción, a diferenza dos cursos anteriores, no curso 2017-2018 realizáronse de maneira separada ao persoal da Biblioteca e ao persoal adscrito á Unidade de Xestión de Centros e Departamentos. En todo caso, cómpre destacar o descenso na participación: o 46,2% fronte ao 57,7% do curso 2016-2017. Con respecto aos resultados, apréciase un lixeiro ascenso na satisfacción relativa ao sistema de reparto de cargas de traballo (4, fronte a 3,6 do curso 2016-2017), ao sentimento de pertenza a un equipo de traballo (4, fronte a 3,8 do curso 2016-2017) e á facilidade para expresar opinións (4,17, fronte a 3,73 do curso 2016-2017).

En canto á participación do PAS en actividades formativas, produciuse un aumento na participación (44% en 2017, fronte ao 33% de 2016). Polo que atinxe á satisfacción coa formación recibida, a valoración mantense nos niveis de anos anteriores (3,99 en 2017, fronte a 3,91 de 2016 ou 3,99 de 2015).

No que atinxe á participación en plans de formación, esta aumentou no curso 2017-2018 estando nun 44% (I6) no 2017-2018 fronte ao 33% do curso 2016-2017, e a súa satisfacción coas actividades formativas sitúase nun 3,99 (datos do ano 2017, segundo INF.11). Sinalar que a satisfacción xeral do PAS tamén é alta, acadando no 2017-2018 un 3,67 segundo o INF. 21.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudiantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudiantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudiantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á disponibilidade de aulas, salas de estudio, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudiantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á disponibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento das polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudiantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudiante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudiante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudiantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ofrécense a continuación datos referidos ás actuacións e melloras correspondentes ao curso 2017-2018, que complementan ou actualizan a información incluída nos informes de seguimento e renovación da acreditación dos cursos anteriores (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudiantado).

**(i) Biblioteca:** Os datos correspondentes ao ano 2018 (segundo a información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade) son os seguintes:

Total de títulos de monografías en papel: 163.476

Total de volumes de monografías en papel (a 31/12/2018): 202.355

Volumes de monografías en papel ingresados en 2018: 1.656

Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.737

Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 396

Total de documentos catalogados en 2018:

- monografías: 1.656
- publicacións periódicas: 1
- analíticas de monografías e de publicacións periódicas: 592

Volumes prestados no centro: 50.692

Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 47.456

**(ii) Melloras no equipamento e infraestruturas:**

Durante o curso 2017-2018 continuouse coa política que vén desenvolvendo a Facultade nos últimos anos de mellora constante das súas infraestruturas e do seu equipamento para a docencia. As melloras más significativas do curso obxecto de informe son as seguintes:

**(a) Renovación do equipamento informático:**

- Substitución de canóns e de pantallas de proxección en aulas e seminarios de docencia.
- Adquisición de discos duros SSD para os ordenadores das aulas e seminarios de docencia.
- Adquisición dunha pantalla intelixente para a nova aula de docencia B10 (*vid. infra*).
- Adquisición de ordenadores portátiles para a docencia e para préstamo da biblioteca.
- Adaptación dos auriculares da aula do laboratorio de idiomas B04.

**(b) Acondicionamiento dos espazos docentes:**

- Conversión do antigo despacho B10 nunha aula para a docencia.
- Insonorización da sala de videoconferencia B03.
- Vernizado das tarimas das aulas.
- Colocación de estores nalgúns aulas e en salas de traballo.

**(c) Adquisición de mobiliario:**

- Adquisición de mobiliario (mesas, cadeiras etc.) para a nova aula de docencia B10.
- Adquisición de taboleiros modulares para o vestíbulo.

**(d) Mellora dos fondos bibliográficos da biblioteca da Facultade (10.000€ do orzamento descentralizado do ano 2018).**

**(iii) Servizos propios da Facultade de Filoloxía de orientación e atención ao estudantado:**

Durante o curso 2016-2017, a Facultade aprobou un **Plan de Acción Titorial (PAT)**, que formalizou así a política activa de orientación e atención ao estudantado que viña desenvolvendo dende hai anos por medio de accións a distintos niveis e que constituían, na práctica, un Plan de Acción Titorial. A continuación ofrécese un resumo das actividades desenvolvidas no ámbito do PAT durante o curso 2017-2018 relacionadas co mestrado:

**(a) Actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade:**

**(a.1) Distribución de material impreso sobre a oferta académica da Facultade** (folletos, trípticos e marcapáginas) en todos os centros de ensino secundario, públicos e privados, de Galicia (abril-maio de 2018). Estes folletos inclúen información sobre os distintos mestrados da Facultade e, polo tanto, tamén do mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura.

**(a.2) Distribución de material impreso sobre o mestrado (carteis)** en distintas facultades do Sistema Universitario Galego, así como en centros estranxeiros. Como sinalamos no punto 2.1. sobre a información do título, tamén foron distribuídas as versións electrónicas en pdf dos carteis en distintas universidades e

institucións, así como a outro persoal interesado para a súa publicidade a través das redes sociais.

**(b) Actividades de acollida e orientación a estudiantes propios do máster Estudos da Literatura e da Cultura no curso 2017-2018:**

**(b.1)** Sesión de benvida aos **estudiantes de novo ingreso do máster** (día 18/09/2017 ás 15.30 horas).

**(b.2)** Sesión informativa cos estudiantes a finais do primeiro cuatrimestre, con especial atención á elaboración do **Traballo Fin de Máster e ás prácticas en empresas**, actividade que comeza no segundo cuatrimestre, e **balance do primeiro cuatrimestre** do máster (día 12/12/2017 ás 18.00 horas).

**(b.3)** Xornada informativa sobre a **oferta de estudos de mestrado** da Facultade para o curso seguinte dirixida a estudiantes de cuarto curso e no que participou tamén o mestrado (día 17/04/2018).

**(c) Empregabilidade e orientación profesional**

**(c.1)** Xornada *Móvete* (11/04/2018) Programas de Prácticas Internacionais, Recursos e Oportunidades de Traballo e Mobilidade para a Mocidade. Área de Orientación Laboral e Emprego, VR de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social.

**(c.2)** Xornadas de empregabilidade da Facultade de Filoloxía (6-7/06/2018):

- Que se espera de ti no mundo profesional? Prepárate para saber que mostrar no teu CV.
- Es o que compartes na Rede!
- Técnicas de selección de persoal.

Todas estas accións, que redundan positivamente nos servizos ofrecidos aos estudiantes do máster, contribúen sen dúbida a que o grao de satisfacción dos egresados cos servizos continúe sendo boa e mesmo suba no curso 2017-2018, acadando un 4,42 (IN33M-PS-03).

En relación ás instalacións onde se realizan as prácticas externas, cabe sinalar que as distintas empresas e institucións contan con todos os medios necesarios para a realización axeitada das mesmas e para a adquisición das competencias do alumnado. Seleccionáronse aquelas empresas ou institucións que, pola súa actividade, están más próximas aos contidos da formación do máster e lles permiten aos estudiantes aplicar as destrezas e coñecementos adquiridos no mesmo, así como obter novos coñecementos derivados do exercicio práctico diario. A Editorial Galaxia, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, a Real Academia Galega ou os distintos grupos de investigación da USC, entre outras empresas e institucións, contan coas instalacións e os equipos necesarios para que o alumnado poida levar a cabo a actividade e adquirir as competencias que lle permitan tamén un desenvolvemento profesional no ámbito no que realizan a súa práctica. Toda a información relativa ás empresas, institucións e organismos que participan no desenvolvemento da materia "Prácticas en empresas" do máster, así como un resumo das actividades que deberán realizar os estudiantes e os distintos postos que ocuparon no curso 2017-2018 pódese consultar na páxina web [http://www.usc.es/gl/centros/filologia/Mestrado/Estudios\\_literatura\\_cultura/practicas\\_externas/practicas\\_estudios\\_da\\_literatura\\_e\\_da\\_cultura.html](http://www.usc.es/gl/centros/filologia/Mestrado/Estudios_literatura_cultura/practicas_externas/practicas_estudios_da_literatura_e_da_cultura.html), así como nos documentos "Listaxe\_datos\_empresas\_17-18" e "Tarefas\_practicas\_MELC\_17-18".

Finalmente, cómpre indicar que no curso 2017-2018 non se produciu ningún caso de estudiantes con necesidades educativas específicas derivadas dalgunha discapacidade. En calquera caso, o estudiantado conta desde a institución cos servizos de apoio e asesoramento axeitados, que avalían a necesidade de posibles adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos e ofrecen información e orientación ao

profesorado que ten estudantes con outras capacidades (vid.  
<http://www.usc.es/gl/servizos/sepiu/sc103/apoionee.html>).

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspondeñse co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

##### 6.1.- Os estudiantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A partir dos datos recompilados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, entre outros os relativos aos resultados do programa formativo ou ao cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe dos estudiantes, obsérvase que as taxas de rendemento, éxito e avaliación do Máster en Estudios da Literatura e da Cultura acadaron no curso 2017-2018 niveis óptimos, semellantes aos cursos anteriores. Por exemplo, a taxa de éxito dos egresados foi dun 98,34% (IN35M-S01-PM-01) e as taxas de rendemento e avaliación sitúanse preto do 80% (IN34-S01-PM-01 e IN36-S01-PM-01). Isto significa que o número total de créditos ordinarios que superaron e aos que se presentaron os estudiantes en relación cos créditos matriculados se sitúa ao redor do 80%. Con todo, a taxa de graduación baixou dun 85,71% no curso 2016-2017 a 69,57% no curso 2017-2018. Isto debeuse fundamentalmente a que varios estudiantes non remataron o seu Traballo Fin de Máster, aínda que superaron con éxito todas as restantes materias no tempo estipulado no plan de estudos. Malia que desde a Coordinación se insiste tanto individual como colectivamente nas distintas reunións que se realizan cos estudiantes na necesidade de comezar o antes posible co Traballo Fin de Máster, moitos alumnos non son capaces de calcular os tempos e comezan demasiado tarde coa elaboración do mesmo. Hai que sinalar que nesta titulación o TFM ten unha alta carga de créditos (15) e, polo tanto, unha boa planificación é imprescindible para proxectos deste tipo. Ademais, durante o curso 2017-2018 contamos con varios estudiantes que compaxinaban os seus estudos cun posto de traballo, o que fai aínda más difícil rematar a titulación nun ano.

Así pois, no curso académico 2017-2018, 7 de 25 alumnos non presentaron o seu TFM nas oportunidades de xullo ou setembro e, polo tanto, non completaron a etapa formativa nun ano académico (véxase INF. 15). Durante o curso 2017-2018 a Comisión organizou o horario do mestrado de xeito que, ao longo do mes de xaneiro e coincidindo cos exames oficiais dos títulos de grao, os estudiantes non tivesen docencia durante ese mes e que, ademais, a docencia do segundo cuatrimestre rematase antes do mes de maio para que dispuxesen de tempo suficiente para concluir o seu TFM. A Comisión considera necesario seguir insistindo, tanto na sesión de benvida de comezo de curso como nas outras reunións co alumnado ou a través de mensaxes a través do campus virtual ou dos seus representantes, na importancia de calcular ben os tempos e de concentrar no segundo cuatrimestre gran parte dos esforzos na elaboración do TFM. Tamén se recomienda ao profesorado que non cargue en exceso con traballos e lecturas ao alumnado, tendo especial coidado cando a materia é impartida por máis dun profesor. Ademais, a Comisión considera oportuno levar a cabo unha Acción de Mellora (AM-01, 2017-2018), con varias subtarefas, que facilitarán ao alumnado organizarse mellor, adiantar ao máximo a elaboración do TFM e desde o principio facer escollas, tanto de

liña de investigación como de titor/a e de material bibliográfico, más definidas e concretas para o seu TFM. Por unha banda, elaborarase unha táboa coas liñas de investigación ofertadas por cada profesor da titulación para que, desde comezo de curso, o alumnado poida dirixirse ao profesorado especializado no tema no que desexa realizar o seu TFM. Isto axudará, principalmente a aquel alumnado de fóra da Facultade, a atopar un titor/a axeitado á liña de investigación na que desexa desenvolver o seu TFM. A segunda subtarefa consistirá na elaboración dun formulario para que os estudiantes delimiten o título e o resumo do seu TFM e a Comisión poida resolver mellor a aprobación ou denegación das solicitudes de elaboración e defensa de TFM. Por último, e sumándose a unha acción relativa aos TFG, inclúese unha terceira subtarefa que consiste de organizar unha xornada baixo o título "A longa (e divertida) noite do TFG, aberta tamén ao alumnado de mestrado no que se programan diversos obradoiros que proporcionarán ferramentas e estratexias aos estudiantes para enfrentar con éxito a redacción e defensa dos seus proxectos fin de grao ou de mestrado. Esta xornada inclúe ademais asesoramento específico en distintas lingua, un espazo abierto de escritura ou actividades non académicas como teatro ou meditación coa finalidade tamén de axudar ao estudiantado co seu TFG ou TFM.

Malia a que non todos os estudiantes presentaron o seu TFM na convocatoria de xullo ou setembro, hai que sublinhar as excelentes cualificacións obtidas polo alumnado que si o defendeu no curso 2017-2018. No documento "TFM\_MELC\_17-18" poden verse os títulos dos traballos presentados e as cualificacións acadadas. No TFM o alumnado ten que amosar as competencias adquiridas durante todo o curso académico e nel avalíase a capacidade do estudiante para dominar as ferramentas metodolóxicas no eido da investigación literaria e da cultura, así como a súa capacidade para aplicar os coñecementos literarios (históricos, críticos e teóricos) nun traballo de investigación e para aportar a un estudo da literatura e da cultura enfoques, ideas e interpretacións innovadoras e orixinais. Por último, co TFM avalíase, así mesmo, a capacidade dos estudiantes para faceren unha boa defensa oral da súa investigación. O obxectivo do noso mestrado é, tal como se especificaba na memoria de verificación, a formación de investigadores especializados, innovadores e competentes na análise filolóxica e na análise crítica no eido dos estudios da literatura e da cultura.

No que atinxe aos resultados obtidos nas outras materias da titulación, ao longo do curso 2017-2018, o INF.15 amosa como o alumnado acadou en todas as materias cualificacións altas de notable, sobresaliente e matrícula de honra.

Na materia de prácticas externas (6 créditos), os estudiantes obtiveron tamén cualificacións moi positivas (6 sobresalientes, 1 notable e 1 aprobado de 8 alumnos matriculados na materia, vid. INF. 15), cunha taxa de éxito, avaliación e rendemento do 100% (vid. INF.17, INF.18, INF.19). Por último indicar que, tal como se amosou no punto 3.1. a satisfacción coas prácticas externas, tanto dos estudiantes, como dos titores profesionais e académicos é moi alta, así por exemplo os estudiantes valoraron coa puntuación máxima a súa satisfacción coas prácticas externas (IN19M-PC-09). Desde a Coordinación seguirase insistindo na necesidade e importancia de cubrir estas enquisas para mellorar o proceso no que for preciso nas sucesivas ediciones.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

**7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal como amosan os informes, o Máster continúa sendo un dos máis demandados do Centro, e é o primeiro en cubrir a totalidade das prazas ofertadas. No curso 2017-2018 a matrícula foi de 25 alumnos sobre as 26 ofertadas (IN01M-PC-05, IN02M-PC-05). Ademais, o perfil de alumnado que desexa realizar este máster mellorou considerablemente, xa que no curso 2017-2018 o 92,31% do estudantado accedeu ao título cunha puntuación igual ou superior a seis (IN07M-PC-05), sendo a nota media de acceso por preinscripción dun 7,47 (IN06M-PC-05), superior á do curso anterior. O Mestrado en Estudios da Literatura e da Cultura conta ademais cunha elevada porcentaxe de alumnado estranxeiro procedente do programa *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives* e de estudiantes estranxeiros e españoles de fóra de Galicia (IN08-PC-05 e IN09-PC-05). A porcentaxe de estudiantes estranxeiros sobre matriculados ascendeu considerablemente en relación ao curso anterior, acadando no 2017-2018 un 20,00%, e a de estudiantes nacionais de fóra de Galicia pasou dun 3,70 no curso 2016-2017 a un 8% no 2017-2018.

Estas taxas indican que o título satisfai as demandas sociais da súa contorna ao ofrecer formación especializada que lles permita aos egresados levar a cabo actividades vinculadas ao coñecemento, conservación e difusión da literatura e da cultura, tanto no ámbito profesional (editorial, de intervención e difusión cultural) coma no ámbito docente, ou actividades relacionadas coa investigación sobre literatura, cultura e as súas vertentes aplicadas.

No que atinxe aos indicadores de resultados, as medias das taxas de rendemento (IN34M-S01-PM-01), éxito (IN35M-S01-PM-01) e avaliación (IN36M-S01-PM-01) son altas, malia que baixan un pouco con respecto ao curso 2016-2017, tal como comentamos no punto 6.1. Isto provoca que tamén a eficiencia dos titulados baixase un pouco con respecto ao curso anterior, pasando de 99,29% a 91,32% no curso 2017-2018 (IN39M-S01-PM-01).

Máster Universitario en Estudios da Literatura e da Cultura	2016-2017	2017-2018
Taxa de rendemento	86,34%	77,95%
Taxa de éxito	100%	98,34%
Taxa de avaliación	86,34%	79,27%
Taxa de eficiencia	99,29%	91,32%

Estas taxas están moi próximas ás globais dos outros mestrados do Centro. Na seguinte táboa podemos ver unha comparativa atendendo á media dos mestrados da Facultade no curso 2017-2018 e como as

porcentaxes do Máster en Estudos da Literatura e da Cultura é na taxa de éxito case idéntica á media do resto dos mestrados e a de rendemento e avaliación baixa un pouco:

Comparativa 2017-2018	Taxa de rendemento	Taxa de éxito	Taxa de avaliación
Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura	77,95%	98,34%	79,27%
Media dos mestrados da Facultade de Filoloxía	84,23%	98,50%	85,51%

A taxa de abandono é baixa (13,04%), aínda que similar á obtida no curso 2014-2015 (IN41M-S01-PM-01) e tamén similar a dos outros mestrados no curso 2017-2018. Se ben é superior á media dos mestrados deste curso, aínda que moi semellante á da media do curso pasado:

Taxa de abandono dos mestrados impartidos na Facultade de Filoloxía	2016-2017	2017-2018
Título		
Máster Universitario en Estudios da Literatura e da Cultura	9,52%	13,04%
Máster Universitario en Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0	9,09%
Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	28,57%	10,00%
Máster Universitario en Lingüística Aplicada	7,14%	0
<b>Media</b>	<b>11,31%</b>	<b>7,15%</b>

Hai que indicar, con todo, que estes datos son mellores aos apuntados na memoria de verificación do Máster en Estudos da Literatura e da Cultura (taxa de graduación 68%; taxa de abandono 15% e taxa de eficiencia 98%, taxa de rendemento 65%), e parecen amosar un feito puntual no histórico destas taxas ao longo das distintas edicións do mestrado (IN34M-S01-PM-01, IN35M-S01-PM-01, IN36M-S01-PM-01). Estaremos atentos ao que se poida producir no futuro e se a tendencia da taxa de abandono vai en aumento ou as de rendemento, éxito e avaliación pasasen a ser inferiores ás apuntadas na memoria de verificación, levaranse a cabo as accións de mellora oportunas.

## 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudiantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con respecto aos indicadores de satisfacción dos distintos grupos de interese implicados no mestrado, estes acadaron no curso 2017-2018 niveis moi elevados. As enquisas de satisfacción do alumnado do máster acadan no curso 2017-2018 unha puntuación de 4,54 sobre 5, sendo a puntuación más alta desde o comezo da andadura do mestrado (IN46M-S01-PM01). Este resultado é un indicador moi positivo da planificación e o desenvolvemento do título. Ademais, hai que sinalar que o índice de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi dun 56,52% no curso 2017-2018 (INF.13), aumentando ano tras ano desde o 38,00% da primeira edición no curso 2013-2014.

Do mesmo xeito, o nivel de satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi moi alta, un 4,04 (INF.14), ao igual ca participación, que acadou o 50%, cando na primeira edición do mestrado o nivel de participación estaba só nun 19,05%. Con todo, desde a Coordinación seguiríase insistindo e recordando a necesidade de realizar estas enquisas, pois permiten detectar deficiencias e tomar as medidas oportunas para corrixilas. Nesta enquisa (INF.14) todos os ítems acadan valores altos por riba do 4, destacando a satisfacción do profesorado coa relación creada co alumnado na clase e nas titorías, así como coa participación activa e

crítica dos estudantes na clase. Hai dous ítems, referidos ao nivel co que chega o alumnado e a coordinación entre as distintas materias e niveis do título, que non chegan ao 4, con valores de 3,53 e 3,50, respectivamente. Isto débese, tal como comentabamos no punto 1.4 da Dimensión 1 Xestión do Título, a que o máster conta con alumnado de áreas non filolóxicas que, inicialmente, non contan cunha base filolóxica especializada pero que, con esforzo e motivación, chegan axiña a acadar o nivel dos restantes compañeiros/as. Ademais, no segundo cuatrimestre as materias optativas contan cun número razonable de alumnos, o que permite un mellor seguimento. O segundo ítem que non alcanza a puntuación máxima, referido á coordinación entre as distintas materias, débese a que nos atopamos cun máster con dous itinerarios moi diferenciados, que acolle tamén a varios profesores visitantes, polo que en ocasións non é doadoo que exista unha coordinación ao 100% entre materias de itinerarios ben distintos. A isto engádese que esta percepción procede en parte da queixa que nalgúnha ocasión transmitiu o alumnado ao profesorado por ter demasiados traballos nas diversas materias ou nunha materia impartida por dous profesores. Desde a Comisión seguirase traballando por ofrecer unha boa coordinación entre as materias e os niveis de título, principalmente a través da revisión dos programas docentes e nas oportunas reunións co profesorado.

Na enquisa de satisfacción do alumnado do máster todos os ítems suben de 4, e destacan aqueles niveis positivos en cuestións relacionadas coa programación e o cumprimento desta (4,70 e 4,77), así como nos asuntos relacionados coa comunicación e axuda do profesorado aos estudantes (4,73 no ítem relacionado coas titorías, 4,47 sobre a motivación por parte do profesorado para a participación crítica e activa dos estudiantes ou 4,72 no ítem relativo á resolución de dúbidas etc.). O ítem “Globalmente estou satisfeito co profesor da materia” acada un 4,53 (INF. 13). Os resultados son moi bos e están por riba da media por rama de coñecemento, Artes e Humanidades, e por Centro. Cabe mencionar que nalgúns casos os resultados da titulación son superiores ás medias globais; véxase, por exemplo, o informe das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado coa titulación (INF. 22 e 23). Así pois, en xeral, durante o curso 2017-2018 tanto o grao de satisfacción do alumnado coa formación recibida na titulación como o grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF. 14) foron moi satisfactorios.

No que atinxe ao nivel de satisfacción do alumnado coas prácticas externas (INF.06), a titulación acada tamén unha valoración moi positiva, obtendo un 5 en todos os ítems. Do mesmo xeito, no IN19M-PC-09 a satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas acadou no curso 2017-2018 tamén un 5. No entanto, só un alumno respondeu á esta última enquisa oficial facilitada pola ACMP, polo que o resultado hai que analizalo con precaución. Desde a Coordinación seguirase insistindo na importancia de contestar as enquisas oficiais, tal como se vén facendo desde o comezo. Do mesmo xeito, e tal como xa se indicaba no apartado 3.1, a Comisión elaborou e distribuí enquisas propias que permiten completar a información e que tamén amosan un grao elevado de satisfacción (véxase o punto 3.1, así como a análise feita pola Comisión en acta do 6 de setembro de 2018 ou o informe presentado pola titora académica e engadido á acta do día 12 de marzo de 2019).

En canto aos niveis de satisfacción do alumnado cos programas de mobilidade, tal como indicabamos no criterio 1.2 da Dimensión 1, non hai enquisas relativas ao noso título ao non producirse mobilidade de estudantes saíntes do noso programa nin de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade no noso mestrado (IN17M-PC-08 e IN18M-PC-08). Isto non significa que non existan estudantes estranxeiros no mestrado, onde a porcentaxe no curso 2017-2018, como sinalabamos anteriormente, foi moi alta (IN08M-PC-05). Así mesmo, contamos cos estudantes do *Master Mundus Crossways in Cultural Narratives*, que proceden de universidades de todo o mundo, áinda que no curso 2017-2018 como xa comentamos, non foi elevada ao atoparse o Master Mundus en proceso de renovación. A Comisión considera, porén, que sería moi positivo para os estudantes e para a titulación en xeral ter a oportunidade de realizar o segundo cuatrimestre noutra universidade, sobre todo se temos en conta que o programa lle ofrece ao estudiante unha completa formación nos estudos literarios e culturais de diversas linguas. Tal como indicabamos no informe do curso 2016-2017, agardamos que nun futuro o Servizo de Relacións Exteriores volva convocar prazas de mobilidade para os alumnos de mestrazos de 60 créditos.

No que atinxe aos egresados, o nivel de satisfacción xeral coa titulación é alto, pasando do 3,07 do curso 2016-2017 ao 3,49 no curso 2017-2018 (IN42M-S01-PM-01). Tamén é moi alta a súa satisfacción cos servizos, que se sitúa no 4,42 sobre 5, aumentando con respecto ao curso anterior (IN33M-PS-03). Do mesmo xeito, as taxas de éxito e eficiencia dos egresados alcanzan un 92,31%, nivel moi similar ao dos anteriores cursos e máis elevado que o indicado na memoria de verificación (IN50M-S01-PM-01 e IN53M-S01-PM-01).

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non contamos con moitos datos que nos proporcionen información sobre o tipo de traballo ao que acceden os nosos egresados e se este garda relación cos estudos de máster realizados. Só temos os resultados do informe “Resultados de inserción laboral, I13” facilitado o curso pasado (2016-2017), onde se levaba a cabo unha análise aos egresados un e dous anos despois de rematar os seus estudos (datos dos egresados da primeira edición do máster 2013-2014). Neste informe a taxa de afiliación sitúase nun 28.6% un ano despois de egresar e elévase a un 50% dous anos máis tarde. A porcentaxe de traballo a tempo completo sitúase no 85% e a taxa de egresados que se inclúen no grupo de cotización “universitarios” acada o 57.1%. Se ben é certo que estas taxas estarían fóra do deseñable e lonxe do 100% de inserción laboral, si amosan que, nunha sociedade capitalista liberal que non fomenta a formación humanística e a consecución de bens especificamente culturais, a metade deles logran acceder a un posto de traballo e máis da metade no grupo de cotización de universitarios. Varios dos estudiantes do mestrado continúan a súa formación investigadora no Programa de Doutoramento en *Estudos da Literatura e da Cultura*, polo que a Comisión actualiza anualmente unha listaxe cos estudiantes egresados do máster que se matriculan nese programa de doutoramento, que acadan bolsas de posgrado e continúan ligados á Universidade a través de proxectos e grupos de investigación que teñen a súa sede na Facultade (Acción de Mellora 7 do IRA convertida nunha boa práctica do mestrado). Isto permite observar, en primeiro lugar, que o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudiantes, e, en segundo lugar, que o título mantén o seu valor académico e está relacionado cos intereses científicos da disciplina. O número de estudiantes que conseguem entrar no devandito programa de doutoramento e obteñen bolsas serve á súa vez como indicador do rendemento dos estudiantes e do éxito do programa formativo do máster e da súa viabilidade na contorna social na que se inscribe (Vid. documento “Egresados\_Doutoramento\_ELC”).

No que atinxe ás prácticas, están ligadas ao contexto socio-económico e profesional no que se insire o mestrado e o número de prazas foise ampliando ao longo dos cursos, incorporando así novos organismos e empresas coa finalidade de favorecer a elección por parte do estudiantado a través dunha oferta más completa e axustada aos seus intereses e aos da sociedade actual (Acción de Mellora 6, realizada no curso 2016-2017, que continúa como boa práctica do título). No curso 2017-2018 incorporouse unha nova institución ás prácticas do Máster en Estudios da Literatura e da Cultura, o Centro Dramático Galego (unidade da Axencia Galega das Industrias Culturais AGADIC, da Xunta de Galicia) que continúa no curso 2018-2019 e que é moi demandado polo estudiantado. Esta acción complétase coas xornadas informativas sobre inserción laboral que se realizan anualmente no Centro, que permiten ao estudiantado coñecer as distintas posibilidades do mercado laboral. Desde o mestrado lévase a cabo tamén unha enquisa sobre a formación que ofrecen as empresas e sobre a coordinación e mellora do proceso de avaliación (subtarefas 1 e 2 da AM-2 do IRA, xa finalizadas). Por último, mantense activa a acción de mellora de crear un Comité Consultivo

Externo da Facultade de Filoloxía como mecanismo para colaborar e estreitar lazos cos sectores profesionais da cidade e da comunidade. Trátase de crear un foro aberto á sociedade, explicar que tipo de coñecementos e competencias teñen os egresados das titulacións de grao e mestrado do Centro e favorecer así unha maior relación entre o mundo empresarial, social e cultural coa nosa titulación en concreto e coa universidade en xeral (Acción de mellora AM-05 presentada nas alegacíons ao IRA, en proceso). Desde o mestrado facilitanse os contactos que existen co mundo empresarial, principalmente a través do programa de prácticas. Ademais, tal como vemos no indicador IN22M-PC-09, a porcentaxe de estudiantes egresados no curso académico 2017-2018 que realizou as prácticas en empresas e institucións vai en aumento, acadando nese curso un 58,33%. Esperamos que todo isto redunde nunha mellora dos indicadores de inserción laboral no futuro.

3. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Documentos: Na carpeta "Actas"
1	E6	Listaxe de estudiantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Non houbo
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudiantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudiantes de novo ingreso por curso académico	4314246_P.Ind_2017-2018
			4314246_INF.16_2017-2018
			4314246_INF.CiUG_2017-2018
1	I2	No caso de máster, número de estudiantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4314246_I2_2017-2018
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudiantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudiantes matriculados)	4314246_P.Ind_2017-2018
			5040_INF.03_2017-2018
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro</a>
			<a href="#">Web do Título</a>

		referida "Información mínima pública*")	
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedimentos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudiante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Vid. documentos en carpeta "Enquisas propias": "Enquisa_satisfaccion_TFM" "Enquisa_satisfaccion_estudiante_practicas" "Informe_titor_profesional" "Enquisa_satisfaccion_estudios_master"
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4314246_P.Ind_2017-2018
			4314246_INF.04_2017-2018
			5040_INF.05_2017-2018
			4314246_INF.06_2017-2018
			4314246_INF.07_2017-2018
			4314246_INF.08_2017-2018
			4314246_INF.09_2017-2018
			5040_INF.10_2017-2018
			5040_INF.11_2017-2018
			4314246_INF.13_2017-2018
			4314246_INF.14_2017-2018
			5040_INF.21_2017-2018
			4314246_INF.22_2017-2018
			4314246_INF.23_2017-2018

			4314246_Informe_de_indicadores_2017-2018
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4314246_P.Ind_2017-2018
			4314246_Informe_de_indicadores_2017-2018
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4314246_E15_2017-2018
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2017-2018
4	E17	Análise das enquisas de avaliação da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2017-2018
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2017-2018
4	I8	Resultados das enquisas de avaliação da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	4314246_INF.13_2017-2018
			4314246_INF.14_2017-2018
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040_I10_2017-2018
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Vid. documentos: "Listaxe_datos_empresas_17-18" "Tarefas_practicas_MELC_17-18" "Resultados_Practicas_MELC_17-18" Enlace na web: <a href="#">MELC: Prácticas Externas</a>
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Vid documento "Adxudicacion_Def_Practicas_MELC_17-18"
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>

6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Vid. documento: "TFM_MELC_17-18"
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4314246_INF.15_2017-2018
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	4314246_P.Ind_2017-2018  4314246_INF.17_2017-2018  4314246_INF.18_2017-2018  4314246_INF.19_2017-2018  4314246_INF_SIIU_2017-2018  4314246_Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	4314246_P.Ind_2017-2018  4314246_INF.CiUG_2017-2018  4314246_Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I14	Resultados de inserción laboral	4314246_EIL-SIIU_2017-2018 Documento: "Egresados_Doutoramento_ELC"
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	4314246_P.Ind_2017-2018 4314246_Informe_de_indicadores_2017-2018 4314246_MedUSC_2017-2018

4 .MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN